



David Carro Temprano, con DNI 47.366.222-E, e domicilio a efectos de notificación en Travesía da Torre, nº2, 1º - 15300 Betanzos, ou no correo electrónico marinhas@bng.gal, en representación do Bloque Nacionalista Galego (BNG), diante da aprobación inicial do orzamento do Concello de Bergondo para o 2018 mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia o pasado día 27 de decembro de 2017 pasa a formular as seguintes

ALEGACIÓNS

1- A elaboración do orzamento do Concello de Bergondo para 2017 incumpre o previsto no artigo 112 da Lei de Bases de Réxime Local, que establece que o orzamento debe coincidir co ano natural aprobarse "antes do 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio en que deba aplicarse".

2- Para a confección do proxecto de orzamentos deuse consulta cidadá na elaboración do orzamento, mais o goberno local debía presentar os orzamentos a veciñanza antes de aprobalos, responder ás propostas e indicar os motivos das que non inclúen, se é unha imposibilidade técnica ou económica, así como a vontade de realizala ou non nun futuro para rematar o proceso de participación e non se fixo.

3- Este orzamento incumpre as previsións da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, que establece que as subvencións serán adxudicadas por regra xeral mediante procedementos de concorrencia competitiva. A Lei de Subvencións de Galiza, no seu artigo 5.1 establece que "o Concello deberá establecer un plano estratéxico de subvencións, poñendo de manifesto no mesmo os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo para a súa consecución, os costes previsíbeis e as fontes de financiamento". No mesmo sentido pronúnciase o artigo 8.1 da Lei Xeral de Subvencións xa citada. Dado que o orzamento prevé unha cantidade de 97.800 € -500 € máis que no último orzamento aprobado- en subvencións de adxudicación nominativa a entidades. A maiores subvencionase con 1.500€ ou 1000 € para cada festa patronal ou de parroquia o que resultaría un total de 13.500 € tamén mediante subvencións nominativas. Do total

reservado para subvencións, 139 000 € só o 29,4% se adxudicarían por concorrencia competitiva.

É evidente que a regra xeral empregada na redacción do orzamento é o que a Lei prevé como excepcional. Para garantir o cumprimento dos principios legais anteriormente indicados e non contravir o espírito da norma, parece razoábel revisar a redacción da Base de Execución números 4 e 5 correspondente a fin de establecer a convocatoria por concorrencia na maioría das subvencións xa que as xustificacións que utiliza a alcaldesa na súa memoria non son abondo para adxudicar 139 000 euros "a dedo" e sen un plan de subvencións.

4- A estrutura interna do documento, con partidas xenéricas e coas bolsas de vinculación xurídica establecidas nas Bases de Execución do Orzamento a nivel de capítulo fan discutíbel o cumprimento do principio de especialidade cualitativa dos créditos orzamentarios, de forma que na práctica permítese que un crédito orzamentario sexa gastado nunha obriga diferente á prevista polo orzamento. Isto conleva unha dificultade adicional para o control do gasto por parte do Concello-Pleno. Todo isto evidénciase especialmente no Capítulo II do orzamento de gastos, onde se abusa das denominacións xenéricas como "outros gastos", "outros subministros"... que carecen de concreción, de maneira que non especifican realmente a que se vai destinar realmente eses créditos. Esta falta de concreción, xunto coa vinculación a nivel de capítulo, converten o orzamento nun mero trámite xa que realmente non cumpre a función para a que está concibido, segundo o artigo 112 da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local e demais ordenamento xurídico vixente.

5- No orzamento só se contemplan 58827,36 € -menos que no orzamento de 2017- para políticas de fomento do emprego, pola contra prevese un gasto de preto de 54 000 € en festas – este programa aumentou en 13 mil euros nos dous últimos anos. Propoñemos, polo tanto, que se minore o programa 338 festas populares e festexos e que se incorpore crédito ao programa 241 fomento do emprego.

6- Este orzamento destina 11 000 € a publicidade e propaganda. Propoñemos que se minoren as partidas 22602 do programa 920 administración xeral. No orzamento prevese tamén 12.000€ -2000 máis que o ano pasado- para atencións protocolarias e representativas nas partidas 22601 dos programas 135 e 912. Propoñemos polo tanto que se minoren estas cantidades e que se aumenten no programa 231 referente a acción social.

7- Tamén consideramos excesivo o gasto en salarios e dietas de goberno contemplado no programa 912 de gasto que contemplan unhas retribucións para os órganos de goberno de 124.946€ máis outros 18106,07 en persoal eventual o que dispara o gasto até 143052,16€.

Propoñemos que se minore este gasto e que se habilite un novo programa para fomento da igualdade e loita contra a violencia machista e outro para o fomento e normalización da lingua galega e

que se engada unha parte ao programa 332 para xestión da biblioteca pública na que se deberá engadir unha partida para investimentos e reparación e unha para a contratación de persoal para cubrir as vacacións do persoal da biblioteca.

8- O total do gasto que se contrata a empresas privadas é de 1.822.733,06€- 28.383€ máis que os 1.794.350€ cun total do orzamento de 6,1 millóns. Están privatizados os servizos de alcantarillado e subministro de auga, os programas de medioambiente, asistencia social, protección da saúde pública ou servizos relacionados cos centros educativos. Pensamos que o goberno local deberá valorar a posibilidade da remunicipalización dalgúns destes servizos que xestionados directamente polo concello poderían ser máis eficientes e que ademais contan con moitas queixas sobre o seu funcionamento como a xestión do ciclo da auga que por certo leva do concello 505.940€ a xestión do alcantarillado e 505.421€ a xestión da auga, en total 1.011.361€.

9- Polo que respecta aos investimentos, o goberno local anunciou nos medios de comunicación un investimento do 13% unha cantidade moi inferior á do ano anterior que foi de preto do 20%, como a propia alcaldesa recolle na súa memoria. Non vemos que se reflexe no orzamento ningún dos proxectos prometidos na firma do pacto de goberno como a recuperación ou compra dalgún castro, nin para o paseo marítimo que uniría Bergondo e Sada por Gandarío, nin para a recuperación do pazo de Baldomir, nin para a construción da biblioteca pública, nin para centro de día, nin para o viveiro de empresas, nin nada de fachada litoral nin investimento ningún para o Pedrido, nin zona verde no polígono, nin para o Regueiro, nada para a casa rectoral de Guísamo e tampouco para a Senra. Solicitamos que se recollan no orzamento os investimentos que recolle o acordo de goberno detallados explicitamente.

Por todo o exposto

SOLICITA

Que sexan admitidas as presentes alegacións e se lles dea o curso que proceda.

E asino para que conste en Bergondo a 15 de xaneiro de 2018